

CALENDARIO ACADÉMICO DO CURSO 2016-2017 (Aprobado no C.G. 14/03/2016)

- 1- O curso académico comprenderá do xoves 1 de setembro de 2016 ao sábado 29 de xullo de 2017. O mes de agosto non será lectivo.
- 2- **O calendario de actividades docentes** é o marco temporal no que se desenvolve a planificación do conxunto das diversas actividades formativas, incluíndo as correspondentes probas de avaliación, nas titulacións que se imparten na Universidade. Ditas actividades comezarán e rematarán nas datas seguintes:

	Inicio	Remate
1º CUADRIMESTRE	Xoves, 1 de SETEMBRO DE 2016	Xoves, 19 de XANEIRO DE 2017 (86 días hábiles)
2º CUADRIMESTRE	Venres, 20 de XANEIRO DE 2017	Mércores, 31 de MAIO DE 2017 (84 días hábiles)

As ensinanzas universitarias oficiais de Grao e Másters axustadas ao RD 1393/2007, modificadas polo RD 861/2010, están medidas en créditos europeos ECTS. Tal como establece o RD 1125/2003, os planos de estudo terán 60 créditos ECTS por curso académico, cada un dos cales suporá na Universidade de Vigo 25 horas de traballo para un estudante dedicado a cursar a tempo completo estudos universitarios durante un mínimo de 36 e un máximo de 40 semanas por curso académico, distribuídas equitativamente en 2 cuatrimestres.

- 3- A data de inicio da actividade académica para cada **título de grao** será determinada en cada caso polo Centro de adscrición. Nas titulacións de Máster, as datas de inicio da actividade académica e de fin de cuatrimestre serán determinadas en cada caso pola correspondente Comisión Académica. **En ambos casos, as datas deberán ser comunicadas á Secretaría Xeral e o período de entrega de actas non se verá modificado.**
- 4- A docencia interromperase dende o venres, día 23 de decembro de 2016, ata o xoves día 5 de xaneiro de 2017 (ambos os dous incluídos), o luns día 27 de febreiro e o martes día 28 de febreiro, e dende o luns día 10 de abril ao sábado día 15 de abril de 2017 (ambos os dous incluídos).
- 5- Terá **carácter festivo o venres 27 de xaneiro de 2017**, celebración do día de Santo Tomé de Aquino, patrón da Universidade. Posuirán o mesmo carácter os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e, en cada Campus, os días das festas locais.
- 6- Así mesmo, en cada centro terá carácter festivo a data da súa festa propia. Todas as que non coincidan en luns ou venres, pasaranse a eses días.

Relación de Festas Propias dos Centros da UVigo

ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN	29/09/2016, xoves
ESCOLA DE ENXEÑARÍA FORESTAL	04/10/2016, martes
FACULTADES DE BIOLOXÍA, CIENCIAS DO MAR, QUÍMICA e CIENCIAS	15/11/2016, martes
E.U. FORMACIÓN DO PROFESORADO DE E.X.B.	27/11/2016, domingo
ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA DE MINAS	04/12/2016, domingo
FACULTADES DE DEREITO e DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (DEREITO)	07/01/2017, sábado
ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA	25/02/2017, sábado
ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL	19/03/2017, domingo
FACULTADES DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS, CIENCIAS EMPRESARIAIS E TURISMO e ESCOLA UNIVERSITARIA DE ESTUDOS EMPRESARIAIS.	05/04/2017, mércores
FACULTADES DE HISTORIA, FILOLOXÍA E TRADUCIÓN, CIENCIAS DA EDUCACIÓN e CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE.	26/04/2017, mércores
FACULTADE DE CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN	29/04/2017, sábado
FAC. CC. XURÍDICAS E DO TRABALLO (RELACIÓNS LABORAIS)	01/05/2017, luns
FACULTADE DE BELAS ARTES	05/05/2017, venres
ESCOLAS DE ENFERMERÍA	12/05/2017, venres

7- Os períodos de rexistro na aplicación informática das **calificacións nas actas** e da súa entrega serán os seguintes:

Período docente ou convocatoria	Inicio	Remate
1º CUADRIMESTRE	GRAO: 21 de NOVIEMBRE DE 2016	Sábado, 4 de FEBREIRO DE 2017
	MÁSTER: 21 de DICIEMBRE de 2016	
2º CUADRIMESTRE	Luns, 10 de ABRIL DE 2017	Sábado, 10 de XUÑO DE 2017
XULLO	Mércores, 21 de XUÑO DE 2017	Martes, 18 de XULLO DE 2017
FIN DE CARREIRA	Xoves, 1 de SETEMBRO DE 2016	Xoves, 10 de NOVIEMBRE DE 2016

8- As datas finais para as actas dos TRABALLOS DE FIN DE GRAO e MÁSTER serán:

1º CUADRIMESTRE	Venres, 24 DE FEBREIRO DE 2017
2º CUADRIMESTRE	Venres, 23 DE XUÑO DE 2017
XULLO	Venres, 28 DE XULLO DE 2017
FIN DE CARREIRA	Venres, 25 DE NOVEMBRO DE 2016

9- Nas guías docentes deberá figurar a metodoloxía e procedemento detallado para a avaliación das materias, e nelas deberá recollese a data, e, se procede, hora e lugar de realización das probas de avaliación. Tamén deberán especificar o medio empregado para a súa publicación oficial, así como as modificacións que, de xeito xustificadas, se puideran producir. Na fixación das datas das probas de avaliación da convocatoria extraordinaria de xullo procurarase poñer en primeiro lugar as materias do primeiro cuadrimestre.

10- As datas para a realización das **probas de avaliación da convocatoria “de fin de carreira” serán acordadas polos respectivos centros dende o día 1 de setembro** debéndose respectar, en todo caso, o período de rexistro na aplicación informática das cualificacións nas actas e da súa entrega establecidas no apartado 8, sen que se suspendan o resto das actividades docentes.

11- **Para as titulacións en proceso de extinción**, os centros poderán optar entre realizar as probas de avaliación da convocatoria extraordinaria chamada “de decembro” no período marcado para a convocatoria “de fin de carreira”, ou nun período similar ao remate do primeiro ou do segundo cuadrimestre, debendo decidir o propio centro se suspende ou non as clases. As datas de rexistro das cualificacións na aplicación informática e de entrega de actas serán as que correspondan co período elixido segundo a táboa do punto 7.